

biblioteca pública municipal de tui

REAPERTURA · FASE 1

11 MAYO 2020



**biblioteca
pública**

información básica

- 1.** O horario de apertura de luns a venres de 09,00 a 13,00 horas
- 2.** A Biblioteca abrirá unicamente para o funcionamento do servizo de préstamo e para lectura en sala (en número limitado de usuarios e para obras previamente solicitadas).
- 3.** Os usuarios que desexen retirar algunha obra en préstamo deben solicitar o préstamo por correo electrónico (biblioteca@tui.gal) ou no whastapp (617.498103) e serán informados polo mesmo sistema, ao máis breve prazo, da dispoñibilidade das obras e da cita para a súa recollida. Sempre deben portar o seu carné da Biblioteca, imprescindible para o servizo de préstamo. O número de libros a retirar en préstamo e demais condicións do servizo de préstamo son as establecidas na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 4.** Para a lectura en sala disporanse postos de lectura individual e as obras serán solicitadas ao bibliotecario o acceso á colección non está permitido.
- 5.** Os libros devoltos ou usados en lectura en sala serán sometidos a unha corentena de 14 días.
- 6.** O acceso á biblioteca farase con máscara e, de ser posible, con luvas. Na entrada da Biblioteca e no mostrador de préstamo haberá xel hidroalcolico para os usuarios.

dúbidas frecuentes

Qué actividades están permitidas na Biblioteca na fase 1 que comeza o 11 de maio?

Segundo a Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad (BOE de 9 de maio de 2020):

Podrá procederse a la apertura de las bibliotecas, tanto de titularidad pública como privada para las actividades de préstamo y devolución de obras, lectura en sala, así como para información bibliográfica y bibliotecaria. No podrán llevarse a cabo actividades culturales, actividades de estudio en sala o de préstamo interbibliotecario, así como cualquier otro servicio destinado al público distinto de los mencionados en el párrafo anterior. Asimismo, no se podrá hacer uso de los ordenadores y medios informáticos de las bibliotecas destinados para el uso público de los ciudadanos, así como de catálogos de acceso público en línea o catálogos en fichas de la biblioteca (...) Las colecciones en libre acceso permanecerán cerradas al público.

Teño libros na casa que venceron hai semanas, vanme sancionar?

NON. Debido á situación tan excepcional que nos tocou vivir, os servizos informáticos da Rede de Bibliotecas de Galicia, renovaron automaticamente todos os préstamos que tiñan a data de vencemento a partir do 13 de marzo desde o momento no que se decretou o Estado de Alarma. Se téis algún préstamo que estivera vencido anteriormente, pódelo traer de volta e avisarnos antes de que o procesemos para retirar a sanción, pois nestes casos non se puido proceder á prórroga dos prazos.

Cantos libros podo levar?

As condicións de préstamos mantéñense e poderás levar o mesmo número de exemplares que podías levar antes do confinamento.

Por que 14 días de corentena?

Non hai medios de desinfección que garantan que non se deterioren os libros, posto que uns requiren mollalos, e outros non garanten que accedan ás partes interiores dos mesmos, polo que a medida que se demostra máis efectiva é non actuar sobre eles e mantelos en corentena. Polo que respecta á corentena, hai discrepancias entre diferentes estudos sobre a permanencia do virus no papel, desde 72 horas a 14 días. Varias asociacións profesionais, tanto internacionais coma españolas, optaron pola opción máis duradeira por unha maior precaución. Esta é a opción adoptada pola Orden do Ministerio de Sanidade que regula a reapertura das bibliotecas..

Cando poderei volver usar de novo as instalacións da biblioteca?

En función da normativa das autoridades sanitarias

E lembra que segues tendo a túa disposición GaliciaLe

Lembramos que os nosos socios ou calquera cidadán pode acceder a “Galicia Le” (<https://www.galiciale.gal/>).

GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura. GaliciaLe proporciona un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas no que os intereses de todas as persoas lectoras terán o seu espazo (ficción, informática, historia, ocio etc.) e todas as idades o seu lugar.

En GaliciaLe o lector atopará dous catálogos: un que contén o “Catálogo galego” e outro que aloxa o “Catálogo en castelán”. As obras incluídas nestas dúas contornas poderán lerse e visionarse en dispositivos compatibles: tabletas, teléfonos móbiles e ordenadores persoais. No caso dos libros, poderá facelo, ademais, desde un lector de libro electrónico.